
A MEMORIA DA ÁRBORE

Texto de TINA VALLÈS

Tradución de XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS

Ilustración de cuberta de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 224 páx. 17 €.

ISBN 978-84-16721-40-5. Narrativa. Faktoría K.

PREMIO LLIBRES ANAGRAMA DE NOVELA 2017

«Son coma dúas pingas de auga», dí o avó cando miña nai e mais a avoa discuten. «Non discutimos, nós sempre falamos así», responden ambas se llelo botas na cara. E o mellor que podes facer é deixalas soas. Que son coma dúas pingas de auga quere dicir, ben sei, que son iguais, díxome meu avó e, deseguido, foise para o despacho dos meus pais e volveu cun álbum poeirento para ensinarme unhas fotos de cando a avoa tiña a idade de mamá:


–Son clons! –dixen.

Desde ese día, miña nai e mais a avoa son as cloniñas. Elas non o saben, é que meu avó e mais eu temos algúns segredos...

«Podo poñerme contento?», pregunta Jan cando lle contan que o avó Joan e a avoa Caterina van ir vivir con el e cos seus pais. Porque Jan intúe que algo pasa, que o feito de seren cinco na casa non é tan boa noticia. Será un cambio que vai alterar o día a día de toda a familia; a partir dese momento, as palabras e os silencios terán novos matices na vida cotiá. Pero o rapaz ten o seu propio mundo, cheo de paseos, árbores e letras.

Mentres os adultos fan o posible para manter a normalidade, Jan estará atento a todos os detalles que o rodean para fialos e intentar comprender a nova situación. As conversas entre o neto e o avó, con preguntas sen respostas e respostas sen pregunta, constrúen un mosaico de escenas sobre o que avanzará a relación entre os dous. A presenza constante dun salgueiro chorón será o fio condutor desta historia sobre a importancia da memoria.

“A memoria da árbore” sitúanos na pel do neno para achegarnos aos lazos de transmisión dos recordos, ao longo proceso no que se constrúe esa bagaxe vital de lembranzas, pensamentos e emocións, e ás circunstancias que rodean a perda dese valioso caudal inmaterial. Trátase dunha novela conmovedora e fermosa, feita dende a sinxeleza e a sutileza narrativa, mais con frescura e cunha gran ambición no pouso lector que deposita.



-
- **Temática:** a relación entre un avó e o seu neto.
 - **Destinatarios:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** familia, historia Interxeracional; a memoria e a súa perda; outras obras desta temática: “[Os contos da avoa Pepa](#)” (Francisco X. Fernández Naval - Manolo Figueiras); “[Smara](#)” (Paula Carballeira - Carole Hénaff); “[Estás na lúa](#)” (Carmen Montalbán - Pilar Millán); “[A avoa adormecida](#)” (Roberto Parmeggiani - João Vaz de Carvalho).
 - **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-memoria-da-arbore-g>
-

Tina Vallès

(Barcelona, 1976)

É filóloga e dedícase á escritura, á tradución e á corrección de textos. É autora das coleccións de relatos *L'aeroplà del Raval* (LaBreu, 2006), *Un altre got d'absenta* (LaBreu, 2012) e *El parèntesi més llarg* (Proa, 2013), que obtivo o Premi Mercè Rodoreda 2012 de contos e narracions, así como da novela *Maic* (Baula, 2011). En 2016 publicou un conto para primeiros lectores (*Totes les pors*, La Galera) e un álbum ilustrado (*Bocabava*, Fragmenta). É editora do portal de contos *Paper de vidre* e membro fundador da Associació Professional de Traductors i Intèrprets de Catalunya (APTIC).

<https://tinavallescriu.wordpress.com/>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
